

## Nota de prensa de 19/07/2018

**TRINTA ANOS DA LEI DE ESTADÍSTICA DE GALICIA (LEG)**  
**INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA (IGE)**

**PARTICIPAN:**

Ignacio Casal Lino, Primeiro Director do IGE  
 José Antonio Campo Andión, Director do IGE  
 Miguel Ángel de Castro Puente, D. G. Coordinación Estadística (INE)  
 Valeriano Martínez García, Presidente do IGE

## TRINTA ANIVERSARIO DA LEI DE ESTADÍSTICA DE GALICIA E DO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA (1988-2018)

No 2018 cúmprense 30 anos desde que se puxo en marcha o sistema estatístico de Galicia, coa creación do Instituto Galego de Estatística e a aprobación da Lei de estatística, que situou á nosa Comunidade Autónoma á vangarda no ámbito da estatística rexional.

En xullo de 2018 celébrase o trinta aniversario da Lei de estatística reunindo aos axentes protagonistas da súa aprobación e desenvolvemento.

No acto, que foi presidido por Valeriano Martínez García, Conselleiro de Facenda, Presidente do IGE e Presidente do Consello Galego de Estatística, interviñeron:

**Ignacio Casal Lino, primeiro director do IGE**  
**José Antonio Campo Andión, director do IGE**  
**Miguel Ángel de Castro Puente, director xeral de coordinación estatística do INE**

Persoeiros dos ámbitos institucional, académico, económico e social, medios de comunicación e membros da organización estatística de Galicia: traballadores do IGE, persoal dos órganos estatísticos das consellerías e vogais dos Consello Galego de Estatística, tiveron a oportunidade de reunirse para lembrar os primeiros pasos dados polo sistema estatístico de Galicia e reflexionar sobre os retos de futuro.

Durante estes trinta anos a estatística oficial foi crecendo, mellorando e ampliando a información demográfica, social, económica, cultural e ambiental de Galicia. Foi un período de grandes cambios nos xeitos de facer, de medir a realidade e de difundir os resultados das estatísticas.

Os conferenciantes salientaron a función decisiva que desempeña a información estatística na procura de decisións políticas sostibles, ben fundamentadas e avaliadas polos responsables da súa aplicación e pola cidadanía. A necesidade de se dotar dunha organización capaz de producir estatísticas e indicadores fiables e oportunos sobre progreso e benestar foi outro dos puntos destacados.

## ANTECEDENTES E DESENVOLVEMENTO DA LEI

- 1981: Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Recolle como competencia exclusiva a estatística para os fins da Comunidade Autónoma.
- 1984: Decreto 148/1984, do 6 de setembro, polo que se crea o Centro de Información Estatística de Galicia (CIEG) como dirección xeral da Consellería de Facenda. Encoméndaselle, entres outras funcións, elaborar unha proposta de lei que regule a estatística oficial de Galicia.
- 1988: Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG). Establece a organización para facer efectiva a competencia estatutaria, co Instituto Galego de Estatística (IGE), os Órganos Estatísticos Sectoriais das Consellerías (OES) e o Consello Galego de Estatística (CGE). O IGE configúrase como organismo autónomo administrativo e recibe os recursos materiais e persoais do CIEG. O sistema estatístico complétase co mandato de ordenar a actividade mediante plans plurianuais e programas anuais, aprobados por lei e decreto, respectivamente. A estatística oficial axustarase aos principios de interese público, obxectividade, corrección técnica, obrigatoriedade de colaboración cidadá, segredo estatístico e publicidade de resultados.
- 1988: Decreto polo que se nomea director do IGE a Ignacio Casal Lino (DOG nº 169 do 2 de setembro de 1988).
- 1988: Decreto 317/1988, do 3 de novembro, polo que se regula o procedemento de designación dos membros do Consello Galego de Estatística.
- 1989: Decreto 69/1989, do 31 de marzo, para a elaboración de estatísticas de edificación e vivenda. Recolle o primeiro convenio de colaboración asinado polo IGE e a Administración xeral do Estado para realizar estatísticas de interese común.
- 1990: Decreto 428/1990, do 6 de setembro, polo que se nomea director do IGE a José María López Zumel.
- 1991: Decreto 201/1991, do 13 de xuño, polo que se nomea director do IGE a José Antonio Campo Andión.
- 1992: Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación das escalas superior e técnica de estatística de Galicia.
- 1993: Lei 7/1993, do 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988. Dota ao IGE de patrimonio propio e modifica as disposicións sobre organización, segredo estatístico e réxime sancionador.
- 1994: Decreto 391/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do IGE. Créanse os órganos estatísticos sectoriais de Agricultura, Pesca e Industria, con dependencia orgánica de cada departamento e dependencia funcional do IGE.
- 1995: Decreto 52/1995, do 16 de febreiro, polo que se establece a forma de designación dos membros do Consello Galego de Estatística. Derroga o Decreto 317/1988. Constitución do Consello Galego de Estatística.
- 1997: Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan Galego de Estatística 1998-2001. Os seus programas anuais apróbanse cos decretos 472/1997, do 12 de decembro, 358/1998, do 27 de novembro, 319/1999, do 3 de decembro e 282/2000, do 9 de novembro.
- 2000: Decreto 203/2000, do 21 de xullo, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional. Derroga as disposicións sobre os órganos sectoriais do Decreto 391/1994.
- 2000: Decreto 214/2000, do 21 de xullo, polo que se adscribe ao IGE o edificio que é a súa sede. A Resolución do 25 de novembro do mesmo ano da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, recolle a creación da categoría de persoal laboral entrevistador-enquisador.
- 2001: Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan Galego de Estatística 2002-2006. Modifica as disposicións da Lei 9/1988 sobre procedemento sancionador. Os seus programas anuais apróbanse cos decretos 404/2001, do 11 de decembro, 343/2002, do 7 de novembro, 418/2003, do 20 de novembro, 295/2004, do 25 de novembro e 577/2005, do 22 de decembro.
- 2005: Decreto 511/2005, do 29 de setembro, polo que se nomea director do IGE a José Colino Sueiras.
- 2006: Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan Galego de Estatística 2007-2011. Modifica as disposicións da Lei 9/1988 sobre organización, difusión e réxime sancionador. Modifica a Lei 12/1992 sobre escalas de persoal estatístico que quedan abertas a todas as titulacións. Os seus programas anuais apróbanse cos decretos 68/2007, do 15 de marzo, 238/2007, do 20 de decembro, 282/2008, do 18 de decembro, 433/2009, do 11 de decembro e 213/2010, do 16 de decembro.
- 2007: Decreto 173/2007, do 20 de agosto, polo que se establece a forma de designación dos membros do Consello Galego de Estatística. Derroga o Decreto 52/1995.
- 2008: Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento para a súa designación.
- 2008: Decreto 57/2008, do 27 de marzo, polo que se nomea director do IGE a Ángel Luís Tarrío Tobar.
- 2008: Decreto 198/2008, do 20 de agosto, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do IGE. Derroga o Decreto 203/2000.
- 2009: Decreto 295/2009, do 14 de maio, polo que se nomea director do IGE a José Antonio Campo Andión.
- 2011: Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016. Modifica a Lei 9/1988 ampliando a definición de actividade estatística e incluíndo no Consello Galego de Estatística aos grupos parlamentarios e á Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións. Os seus programas anuais apróbanse cos decretos 236/2011, do 29 de decembro, 20/2013, do 24 de xaneiro, 188/2013, do 19 de decembro, 164/2014, do 26 de decembro e 185/2015, do 28 de decembro.
- 2016: Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE e se establece a súa estrutura organizativa. Derroga o Decreto 198/2008.
- 2017: Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021. Os seus programas anuais apróbanse cos decretos 188/2016, do 22 de decembro e 131/2017, do 21 de decembro.